

O RATO PÉREZ



Chámome Xiana e teño sete anos.

Vivo en Fisterra cos meus pais.

A semana pasada caeume un dente.

Non era a primeira vez que me caía, pero estaba un pouco nerviosa porque

non sabía ben o que ía pasar nesta ocasión...

Resulta que temos que estar na casa porque hai un virus moi contaxioso por todas partes: o famoso coronavirus.

Agora xa podemos saír un pouco cada día, pero temos que ter coidado para non contaxiarnos nin contaxiar aos demais.

Como vos dicía, caeu o meu dente e eu púxeno (coma sempre) debaixo da almofada pola noite, cando me deitei.

Estaba preocupada, porque pensei que o Rato Pérez non ía arriscarse a vir, pero cando me levantei ao día seguinte, a miña moeda de dous euros estaba alí !

Desta vez non esperaba que poidera conseguilo !

Os meus pais contáronme que agora usa máscara cando sae e que lava ben as patas e tamén desinfecta as moedas para que non haxa ningún problema. Que contenta quedei !

RESPONDE A ESTAS PREGUNTAS

1) Como se chama a nena?

2) Cantos anos ten?

3) Onde vive?

4) Con quen vive?

5) Que lle pasou a semana pasada?

6) Onde puxo Xiana o dente cando se deitou?

7) Conseguiu o Rato Pérez chegar á casa de Xiana?

8) Que lle deixou o Rato Pérez a Xiana pola noite?

9) Que usa o Rato Pérez agora cando sae da casa?
